



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Espazo reservado para o número de resolución
Non utilizar

Datos do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - BRA	
Número expediente:	Documento:
CON/48/2018	CON12I1IG
2D1Y043N0X6T0G3T04VP	

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe proposta emitido polo xefe da Sección de Contratación con data de 25 de outubro de 2018 en relación co expediente para a contratación do subministro da iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello de Narón durante as Festas de Nadal de 2018-2019, en cumprimento do disposto no artigo 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), no que se establece que:

Estamos perante un contrato de subministro, definido polo artigo 16 da LCSP.

Con data de 28 de setembro de 2018, o xefe de Servizos Externos emitiu un informe no que se expresa a necesidade da contratación do subministro da iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello de Narón durante as Festas de Nadal de 2018-2019, de acordo co disposto no artigo 28 da LCSP.

De acordo co disposto no artigo 116 da LCSP o órgano de contratación xustificou mediante resolución de 5 de outubro de 2018 pola que se inicia o expediente de contratación, a necesidade manifestada para a contratación desta subministración, coa que se pretende contribuír a engrandecer e dotar de esplendor este período festivo e favorecer e promocionar o comercio local.

O 8 de outubro de 2018 o xefe da Sección de Contratación emitiu un informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento que se debe seguir, que, segundo o artigo 131.2 en relación co 145.1 da LCSP será o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adjudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo.

Con data de 16 de outubro de 2018 a interventora emitiu un informe conforme se deberá dotar na aplicación orzamentaria 0022.3380.22799 dos orzamentos de 2019 para facer fronte á execución do contrato, e en relación á porcentaxe que supón esta contratación con relación aos recursos ordinarios do orzamento e a competencia desta alcaldía para a citada contratación ao non superar esta porcentaxe o dez por cento do devandito presuposto.



Constan, ademais, no expediente de contratación xustificación da decisión de non dividir o obxecto do contrato en lotes, así como informe xustificativo do valor estimado do contrato con indicación dos conceptos que o integran.

Unha vez redactados o Prego de cláusulas administrativas particulares así como o de prescricións técnicas foron incorporados ao expediente.

Incorpórase, así mesmo, un informe xurídico do Secretario Xeral do Concello de Narón de conformidade co disposto no apartado 8 da Disposición adicional terceira da LCSP.

O órgano competente para levar a cabo esta contratación corresponde á alcaldía, de conformidade co apartado primeiro da Disposición adicional segunda da LCSP, e en consecuencia, tamén para aprobar o expediente de contratación e a apertura do procedemento de adxudicación conforme ao artigo 117 do reiterado texto legal.

A aprobación do expediente de contratación leva consigo a do Prego de cláusulas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato en virtude do disposto no artigo 116 da LCSP.

Polo exposto e unha vez fiscalizada de conformidade o documento de aprobación do expediente polo departamento de Intervención de Fondos (CON12I1HF) con data de 25 de outubro de 2018, esta alcaldía en virtude das competencias outorgadas pola Disposición adicional segunda da LCSP, vén RESOLVER:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, para a contratación do subministro da iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello de Narón durante as Festas de Nadal de 2018-2019.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexerán o contrato para subministro da iluminación exterior ornamental das rúas e prazas do Concello de Narón durante as Festas de Nadal de 2018-2019, por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación.

TERCEIRO.- Deberá consignarse con cargo ao RC 220189000180 o importe de 64.999,99 euros con cargo á aplicación orzamentaria 0022.3380.22799 para facer fronte aos gastos que supón esta contratación.

CUARTO.- Iniciar o procedemento de adxudicación mediante a publicación dun anuncio no perfil do contratante deste concello ubicado na Plataforma de Contratación do Sector Público, para que no prazo de 15 días calquera interesado poida presentar unha proposición.

QUINTO.- Publicar no citado perfil do contratante, de conformidade co artigo 63 en relación co 116 da LCSP, a seguinte documentación:



- Xustificación da necesidade do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares e prego de prescricións técnicas.
- Aprobación do expediente.

***Ante min.
(Dou fe da identidade do asinante)***